




Plaza de la Estrella 2, 2º
T 986 85 01 44
F 986 84 53 88
aseponte@redmediaria.es


O Salnés

# O presidente de Protección Civil de Meis morre durante unhas probas na Academia Galega de Seguridade Pública

Por Redacción
hai 4 horas



Fariña atopábase a vinte metros de altura realizando unha serie de exercicios sobre un guindastre
© AGASP

O presidente de Protección Civil de Meis e bombeiro do Salnés, **Jorge Fariña, faleceu este luns cando participaba nunhas probas** na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), na Estrada.

Jorge Fariña, de 45 anos, que **sufriu un desvanecemento cando estaba a realizar as prácticas** no marco das probas para acreditar a cualificación de extinción de incendios e salvamento, recibiu atención médica de inmediato pero non se puido evitar a súa morte, presumiblemente e a falta dos resultados da autopsia, a causa dun infarto.

Ata o lugar se desprazaron tres psicólogos do GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Emerxencias) para prestar atención aos compañeiros do falecido. As probas de cualificación que se estaban a celebrar e que deberían proseguir esta semana quedan suspendidas en sinal de loito.

**A Xunta de Galicia amosou o seu pesar por este falecemento.**